

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21, convocados pola Orde do 25 de maio de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 104, do 4 de xuño).

A Orde do 25 de maio de 2021 (DOG núm. 104, do 4 de xuño), pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21, establece no seu artigo 15.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo tribunal á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, quen emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizada a proba, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polo alumnado, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21 e a correspondente proposta da persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sobre a concesión destes premios,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21 ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por delegación de competencia establecida na Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG núm. 31, do 16 de febreiro), no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo



de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade
P.D. (Orde do 9.2.2021; DOG núm. 31, do 16 de febreiro)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO

Premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21

Nº inscrición	Apelidos e nome	Cód. centro	Centro educativo	Importe
2100001717	Álvarez Rúa, Andrés	36011221	CPR Plurilingüe Padre Míguez	800 €
2125001547	Armesto Méndez, Irene	15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	800 €
2149001999	Carballude González, Héctor	32009190	IES As Lagoas	800 €
2156001673	Collarte Hermo, Daniel	36011798	IES Alexandre Bóveda	800 €
2100001505	Díez Mariño, Alba	15032807	IES do Milladoiro	800 €
2195001554	Dios do Campo, Paula	32008941	IES Eduardo Blanco Amor	800 €
2145001527	Fernández Rodríguez, Iago	32005305	CPI Plurilingüe Laureano Prieto	800 €
2149001798	Lara Viúdez, Coloma de	36025037	CPR Plurilingüe Las Acacias-Montecastelo	800 €
2148001965	Leal Laíño, Julio	15015561	CPR Manuel Peleteiro	800 €
2175002034	López Suárez, Ignacio	36006729	IES Valle-Inclán	800 €
2136001566	Moreiras Dacosta, Joaquín	32008604	CPR Plurilingüe Santa María	800 €
2198002190	Ogando Graña, Antón	36011181	CPR Plurilingüe Mariano	800 €
2182001508	Otero Gómez, Aitz	36019396	IES Francisco Asorey	800 €
2176001573	Pena Vázquez, Xurxo	15002591	IES Monte Neme	800 €
2130001881	Pereiro Conde, Manuel	15008714	CPI Plurilingüe da Picota	800 €
2119001592	Puente Montes, Lara Shu	36011142	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	800 €
2106001657	Rey Torres, Inés	36000247	CPI de Cova Terreña	800 €
2106002006	Sánchez Presedo, Sergio	15004009	CPR Plurilingüe Calasancias	800 €
2100001574	Santana da Silva, Aman	27006531	IES Lucus Augusti	800 €
2140001745	Suárez Cordero, Xabier	36000922	IES María Soliño	800 €

